



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 1/2018, EXTRAORDINARIA (13-3-2018)
(PREVIA SESIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO 1/2018, EXTRAORDINARIA, O 08-3-2018)

EXPEDIENTE: 2018/G003/000084

Asunto: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno (previa sesión da Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno)

Nº SESIÓNS: 1/2018

CARÁCTER : Extraordinaria, a solicitude de concelleiros/as (martes 13 de marzo de 2018 ás 12:00 horas)

(previa sesión extraordinaria da comisión informativa, o xoves 08 de marzo ás 13 horas)

Logo de ver o escrito con data do 23 de febreiro de 2018 (presentado no rexistro xeral do Concello o 26 de febreiro de 2018, n.º de rexistro de entrada 2385) , subscrito por todos/as os/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PsdeG-PSOE e mixto, polo que solicitan a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Carral, para tratar as propostas de acordo que indican en tal escrito.

Logo de ver o establecido no texto vixente do artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo o cal "(...) *Asimismo, el Pleno celebra sesión extraordinaria cuando así lo decida el Presidente o lo solicite la cuarta parte, al menos, del número legal de miembros de la Corporación, sin que ningún concejal pueda solicitar más de tres anualmente. En este último caso, la celebración del mismo no podrá demorarse por más de quince días hábiles desde que fuera solicitada, no pudiendo incorporarse el asunto al orden del día de un Pleno ordinario o de otro extraordinario con más asuntos si no lo autorizan expresamente los solicitantes de la convocatoria. (...)*".

Logo de ver, por outra banda, o establecido no artigo 78.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, segundo o cal "(...) **3. La convocatoria de la sesión extraordinaria a instancia de miembros de la Corporación deberá efectuarse dentro de los cuatro días siguientes a la petición y no podrá demorarse su celebración por más de dos meses desde que el escrito tuviera entrada en el Registro Central**".

Logo de ver que, de acordo co establecido nos artigos 82.2 e 126.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, os asuntos que se propoñan ao Pleno deben ser sometidos de forma preceptiva a ditame previo da correspondente comisión informativa.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 82.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, CONVOCO:

Sesión extraordinaria da Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno para o xoves 08 de marzo de 2017, ás 13:00 horas (ou unha hora despois en segunda convocatoria, no seu caso) na Sala de Xuntas da Casa do Concello para a emisión do ditame previo e preceptivo sobre o asunto da orde do día do Pleno, e

Sesión extraordinaria do Pleno para o martes 13 de marzo de 2017, ás 12:00 horas (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira)no Salón de sesións da Casa do Concello coa seguinte

ORDE DODÍA

1.- Proposta para a iniciación de expedientes para ditar ordes de execución para a finalización e remate dos edificios existentes na Vila de Carral situados nas rúas Manuel Jesús Méndez Búa, Campo da Feira-Praza da Capela, Rosalía de Castro e Castro recollidos no informe que se axunta á solicitude da sesión plenaria.

Notifíquese a presente resolución a todos/as señores/as concelleiros/as da Corporación (tendo en conta, en canto á comisión informativa, a designación polos distintos grupos políticos municipais dos membros titulares e suplentes do órgano convocado), advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir ás citadas sesións.

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación do asunto incluído na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval